



Sveučilište u Zadru  
Universitas Studiorum  
Jadertina | 1396 | 2002 |



## CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DA UNIVERSIDADE DE ZADAR

# MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CURSO 2021/2022

Visto e prace

En Zadar a 18 de novembro de 2022.

  
prof. dr. sc. Nikola Vuletić, responsable do CEG de Zadar



Xacobeo 2021

galicia



## 1. Actividade docente

No ano académico de 2021/22, o lectorado de Zadar non conta con lector trala renuncia da persoa á que lle foi adxudicada a bolsa con praza en Zadar na resolución definitiva da convocatoria pública de bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para o 2021, anunciada a través da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 19 de maio de 2021.

Ó non termos lector, non podemos ofrecer información da actividade docente debido a que non se imparten clases de galego.



## **2. Actividades de promoción e divulgación da lingua, literatura e cultura galega de 2022**

Malia non ter lector este ano e, polo tanto, tampouco estudantes de galego; neste curso mantivémo-la presenza do galego nas actividades culturais e xornadas que se organizaron na Universidade de Zadar.

### **Publicación do libro *Jezik je bunilo* (abril 2022)**

Produto dos obradoiros de tradución poética de 2018 e 2019 na illa de Pašman, publicouse o poemario bilingüe galego-croata *Jezik je bunilo (A lingua é un delirio)* con poemas orixinais e traducidos do poeta Isaac Xubín. Saiu ó prelo baixo o servizo de publicacións da Universidade. Acompañará a esta publicación unha presentación do libro.

### **Ciclo de cine ibérico (decembro de 2022, sen data confirmada)**

Organizarémo-lo ciclo de cine ibérico que se fai cada ano na universidade. O filme previsto para este ano é *O que arde*. Existe a posibilidade de face-lo ciclo de cine online.

### **Letras galegas 2022 (maio de 2022)**

Como é habitual cada ano, promovemos tanto o Día das Letras Galegas como o autor homenaxeado, Florencio Delgado Gurriarán, mediante exposicións e charlas.

### **Visita do escritor Isaac Xubín (maio de 2022)**

Recibímo-la visita do tradutor e escritor Isaac Xubín quen ofreceu ós estudantes do noso departamento unhas charlas sobre cultura e literatura e tamén a presentación do poemario *Jezik je bunilo (A lingua é un delirio)*.



## **Xornadas folclóricas (maio 2022)**

Organizamos unhas xornadas de baile e música popular galega. Jonathan Sánchez, do Centro Galego de Valencia, preparou unha charla e exposición sobre música tradicional e baile galego. Ademais, deu un concerto de gaita e clases de baile galego e pandeireta para os asistentes.

## **Traballos e investigacións (decembro 2022)**

Neste final de ano prevese a publicación dunha tese de doutoramento (primeira en galego) que trata sobre unha análise contrastiva de colocacións entre galego, castelán e croata.

